



Umbilicaria pustulata (L.) Hoffm.

Tamén chamada *Lasallia pustulata* (L.) Mérat, vive nas rochas silíceas, en zonas expostas, tanto nas superficies horizontais como verticais (fotos 1, 2). Trátase dunha especie bastante frecuente e abundante na Galiza.

Talo foliáceo-embigado, é decir, que está unido á pedra por un punto central chamado embigo. Fácil de reconecer por presentar a superficie chea de pústulas convexas redondeadas (foto 2), de cor grisácea e cuberta de pruina branca. Marxes irregulares onde medran moitos isidios coraloides de cor negra (foto 4). Á cara inferior, de cor marrón, presenta numerosas depresións (foto 3) que se corresponden coas pústulas da cara superior. Frecuentemente estéril.

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: médula C e K⁺ + vermello